

# ***“Atrevéndonos a valorar o valioso”***

PROXECTO INTERCENTRO E INTERETAPA DE FILOSOFÍA PARA NENAS E NENOS

TEMA: OS VALORES ÉTICOS TRABALLADOS DESDE DESDE A BIBLIOTECA



**IES PLURILINGÜE FONTEXERÍA DE MUROS**

**CEIP FELIPE DE CASTRO DE NOIA**

**CEIP PLURILINGÜE PEPE DE XAN BAÑA DE SANTA COMBA**

PLAN LÍA de Bibliotecas Escolares IV CONCURSO DE TRABALLOS POR PROXECTOS baixo a coordinación (ou coa participación) da biblioteca escolar, en centros públicos non universitarios curso 2016/2017

MODALIDADE: 3. Proxectos de investigación intercentros, promovidos desde as bibliotecas de ata un máximo de tres centros de ensino co fin de desenvolver un proxecto común, de temática xeral ou científica.

**BLOGUE DO PROXECTO:** <http://valoreseticosfontexeria.blogspot.com.es/>

## A. INTRODUCCIÓN:

### **A1. Xustificación e planificación con referencia aos contidos curriculares, criterios e estándares de avaliación, así como competencias clave a desenvolver a través do proxecto.**

O desenvolvemento curricular galego recoñece a necesidade de incorporar metodoloxías por proxectos ás prácticas docentes. Así, o Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo de educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia recolle “A organización de proxectos, consensuados, negociados e levados a cabo colectivamente polo grupo, ou a realización de asembleas para comentar acontecementos ou discutir e decidir determinados aspectos da actividade diaria constitúen valiosas estratexias que a persoa docente utilizará porque son altamente motivadoras e favorecen o desenvolvemento das relacións interpersoais, o establecemento de vínculos afectivos, así como que a nena e o neno se sintan membros do grupo e participen activamente nel.”

Á súa vez, o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na nosa Comunidade, recolle varias referencias a estas metodoloxías. Así no artigo 11, punto 9, contempla que “para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencias ao mesmo tempo. Para isto, aproveitaranse as posibilidades que ofrecen as metodoloxías de proxectos, entre outras, así como os recursos e as actividades da biblioteca escolar”.

Partindo dos anteriores presupostos pedagóxicos e lexislativos, e contando coa nosa experiencia na realización de proxectos colaborativos nos anos anteriores, propuxémonos para este curso o reto de achegar ás crianzas ao pensamento filosófico e ao pensamento crítico.

Consideramos que a biblioteca de todo centro debe ser un eixo vertebrador na acción de ensino- aprendizaxe. Desde esta premisa, convértese en centro documental de todas as actividades levadas a cabo no centro, e de xeito especial dos proxectos de investigación.

Neste curso e con motivo da aplicación da LOMCE comezouse en 3o da ESO a andaina dunha nova materia que ten como nome VALORES ÉTICOS. O feito de que esta materia tivese un currículo marcado, a diferenza da materia de Atención Educativa a partir da cal fixemos o proxecto anterior, acompañaba unha dificultade maior ao termos que adaptarnos ao marco legal. Pensamos que as crianzas (con isto referímonos especialmente ás de Infantil e Primaria) serían capaces de adentrarse no mundo da filosofía que non é o outro que o mundo do pensamento. Polo que decidimos aceptar o reto novamente de participar neste proxecto no que seríamos aprendices das nenas e nenos de Secundaria. Pensar é una acción realizada a nivel cerebral que é natural dos seres humanos, e que nos permite analizar, responder, crear e cuestionar as situacións que a vida presenta. E se pensar é algo natural as nenas e nenos poden realizar esta

tarefa reflexiva si contan coa axuda e motivación precisa. Mais somos conscientes que nun mundo onde nos convertemos en Homo Videns, onde estamos a reducir o pensamento á mera observación pasiva, isto convértenos nun consumidor pasivo de contidos prefabricados. Polo que a importancia deste proxecto é se cabe maior dado o actual panorama.

E por iso é preciso non esquecer que o obxectivo do pensamento non pode ser teórico senón práctico: pensamos para actuar, para realizar accións. Heidegger manifestou o alarmante que podía ser un mundo sen reflexión e sen acción, é dicir sen pensamento. É preciso reflexionar sobre esta tarefa do pensar e impulsar un mundo de pensadoras e pensadores activas/os. Pola nosa experiencia sabemos que o noso alumnado, independentemente da súa idade serían quen de desenvolver un pensamento complexo como lle denomina Edgar Morín.

Por outra banda na Introducción do currículo da materia de valores éticos de Secundaria di o seguinte: “Apúntase, tamén, a oportunidade que brinda a materia para pór en práctica metodoloxías didácticas activas e contextualizadas que faciliten a participación do alumnado en traballos cooperativos, a realización de tarefas, a aprendizaxe baseada en problemas, o estudo de casos, o traballo por retos, etc., metodoloxías todas elas que lle confiren ao alumnado o papel de axente activo da súa propia formación.”

A partir de todo o anterior expuxéronlle ao alumnado de 3o da ESO a posibilidade de que, non só se mostrasen os produtos no centro, senón tamén máis alá da súa realidade concreta. Sendo ben valorada por eles a experiencia do traballo intercentros do ano pasado, propuxéronnos un deseño dun novo proxecto co CEIP Plurilingüe Pepe de Xan Baña de Santa Comba e do que seríamos partícipes, para que, desde este nova materia, se puidesen traballar outros obxectivos e currículos das nosas etapas na metodoloxía de proxectos.

Pretendiamos que todo o alumnado gozase dun proxecto motivador que aumentase o seu interese polos contidos do tema proposto e polo propio proxecto en si.

O noso alumnado traballou contidos propios do currículo de secundaria, ampliando de xeito moi significativo o currículo proposto para estas idades, sen que iso supuxese ningún tipo de problema, e pola contra todo o traballo se vise enriquecido dun gran nivel de motivación. Ademais, saber que o noso traballo sería visionado máis alá das paredes do centro, e por aquelas nenas e nenos aos que considerabamos [expert@s](#) na materia, facía que a calidade dos produtos precisa para ser vista por terceiros adquirise un nivel de esixencia moito maior.

Guiados [pol@s](#) compañeir@s de secundaria, traballamos contidos como os valores éticos, o debate ético entre o relativismo e o universalismo ético, que enfrontaba a Sócrates e os sofistas, a xustificación das normas éticas e posteriormente xurídicas, a relación entre a ética e a política, o deber moral da participación cidadá no exercicio da democracia, o incumprimento de dereitos reflexados en distintos códigos políticos.

Códigos políticos como o Estatuto de Autonomía, a Constitución ou a Declaración de Dereitos Humanos.

Partindo deste contidos e tendo os seus correspondentes estándares de aprendizaxe como obxectivo pretendiamos profundar na formación e adquisición de competencias. A competencia clave de aprender a aprender potenciase co traballo de investigación na biblioteca. Tamén fomentamos xunto a competencia de aprender a aprender, a de sentido da iniciativa e espírito emprendedor, pois coñecéndose como creadores de contidos permite o crecemento persoal, tanto na orde do exercicio dos procesos cognitivos como na do aprecio pola creatividade, o sentido crítico...

Esta relación entre grupos, que se facía a través dun blogue, no que se ían pendurando as tarefas ou retos, promoveu o valor da formación en equipo, a necesidade de que todas e todos fixésemos un traballo de calidade pois era unha aposta do grupo e non individual. Ademais o feito da exposición pública do seu traballo exerceu un carácter motivador na elaboración de traballos de maior calidade na que elas e eles se recoñecían. Todo isto serviunos para a mellora da competencia social e cívica.

O traballo previo para a elaboración da información axudaba ao coñecemento dunha das destrezas máis necesarias do noso tempo nunha sociedade da información: a escolla dunha información de calidade. A búsqueda da información é máis accesible que nunca, mais, a elaboración de criterios que permitan discernir unha boa fonte doutra que non o é, converteuse nunha tarefa transversal de todo o sistema educativo. O alumnado aprende así a valorar a biblioteca como un lugar de fontes escollidas con criterios rigorosos e profesionais o que aseguran a calidade das nosas fontes e, por ende, da información obtida. Pretendiamos trasladar estes criterios de pescuda da información ao mundo das Tics, co obxectivo dun uso consciente e científico da información virtual. Sumando o anterior ao achegamento ao uso do blogue, quixemos facer máis competentes ao alumnado no mundo dixital.

Partindo da idea de que todo alumnado pode ser ensinado sobre calquera cuestión con independencia da súa idade, pensamos que, ademais de afondar nas competencias anteriormente explicitadas, poderíamos colaborar na mellora da súa competencia en comunicación lingüística a partir do traballo textual co texto expositivo.

Non queriamos agochar, como fai en demasía na escola, os elementos de carácter máis irracionais ou emotivos polo que tentamos que o proxecto constara de propostas dirixidas a esa outra dimensión tan necesaria de traballar na escola a través da música, de debuxos animados, de comentarios no blogue e do visionado mutuo das solucións dos outros grupos.

O proxecto tiña como obxectivo ensinar a orixe dos valores éticos, o seu carácter convencional e a xustificación filosófica dos que na actualidade son considerados os mellores valores (igualdade, dignidade, liberdade...) da humanidade. Feita a anterior aproximación ao mundo da ética pretendiamos dar o salto á relación entre a ética e a

política. Descubrimos cales son os códigos que regulan a nosa sociedade: Constitución, Estatuto de Autonomía e Declaración universal dos dereitos humanos. Analizamos os valores éticos que inspiran estes códigos para logo facer unha escolla dalgúns dos artigos analizando o seu grao de cumprimento na sociedade na que vivimos. Pescudabamos con isto último espertar o pensamento crítico e ao mesmo tempo manifestar a necesidade de aprender teoría para a praxe, para a acción.

Con estes obxectivos expostos nesta breve introdución comezamos unha andaina cognoscitivo- emocional onde as mestras e mestres desfrutamos durante todo o proceso tanto como as crianzas

## **A2. Calendario para as tarefas previstas**

Despois da resposta afirmativa do alumnado sobre se desexaban repetir o mesmo formato de traballo cos centros do ano pasado, no mes de outubro definimos nunha xuntanza o proxecto. A reunión partiu da presentación-proposta do alumnado de 3º da ESO que despois de coñecer os contidos, obxectivos e estándares de aprendizaxe elaboraron coa axuda-guía do profesor unha presentación proposta.

A estrutura do traballo era propoñer retos ou misterios que eles ían descubrindo co traballo de investigación na biblioteca.

O primeiro obxectivo foi comezar no mes de novembro e rematar no mes de abril ou principio de maio para que as tarefas retos puidesen ser adaptados ao desenvolvemento cognitivo-emocional da diversidade de alumnado a quen ía dirixido. O anterior fixo que a temporalización para as respostas variase en función da dificultade das tarefas escollidas e dos ritmos distintos tendo en conta as distintas idades das nenas e nenos.

En ocasións respondían ao cabo de tres semanas e outras veces era preciso máis tempo. Nalgunhas ocasións mentres se elaboraban as respostas dende secundaria propoñíannos outras actividades máis emocionais e divertidas para manter un contacto constante co proxecto.

Debemos recoñecer que por diferentes motivos as primeiras respostas ao reto 1 demoraron máis tempo do desexable mais foi corrixido isto cunha intensa produción no segundo e terceiros trimestres.

A primeira publicación no blogue, que foi a presentación, é do 26 de outubro, o primeiro reto pendurouse o 28 de novembro e o remate co vídeo da xuntanza no Parlamento de Galicia (15 de xuño) e o material elaborado como produto final pendurouse o 20 de xuño.

## **A3. Alumnado e profesorado participante**

ALUMNADO:

- CEIP Felipe de Castro (Noia): Alumnado de 4º de Ed. Infantil. Número: 20

- CEIP Plurilingüe Pepe de Xan Baña (Santa Comba): Alumnado de 2º de EP. Número: 10
- IES Plurilingüe Fontexería (Muros): Alumnado de 2o da E.S.O. Número: 6

#### PROFESORADO:

- CEIP Felipe de Castro (Noia): Maiuca Cortón Tesouro (titora)
- CEIP Plurilingüe Pepe de Xan Baña (Santa Comba): Alicia Nimo Liboreiro (titora e coordinadora da Biblioteca)
- IES Plurilingüe Fontexería (Muros): Xosé Cabido Pérez (Filosofía), Emiliano Morenza Doforno (Filosofía), Alfonso Blanco (Latín e Dinamizador de Biblioteca)

#### **A4. Organización para a súa realización**

Ao ser unha materia nova partimos do estudo colectivo do currículo para coñecer contidos e os estándares. Logo disto o alumnado de Secundaria realiza unha proposta de traballo para a colaboración cos outros centros. A partir de aí elaboran unha breve programación dos obxectivos que perseguían con ese alumnado.

Dende secundaria comezaron a lanzarnos retos empregando o blogue como plataforma de comunicación entre todos os centros. Posteriormente, tanto o alumnado Primaria, como nós traballabamos para resolver os retos de xeito colaborativo, fomentando a aprendizaxe por descubrimento a través de investigacións diversas. Tanto en fontes bibliográficas obtidas da biblioteca do centro, como webgráficas. Esta búsqueda de información levouse a cabo tanto no centro como nas nosas casas, implicando ás familias na resolución destes retos, fomentando o coñecemento das temáticas abordadas e as conversacións espontáneas sobre as mesmas.

#### **B. OBXECTO OU TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN PROPOSTOS.**

A temática proposta neste proxecto foi o traballo sobre a orixe dos valores éticos e a súa relación coa política. Relatamos os aspectos traballados por todo o alumnado:

- Definición de valioso e valor. Definición de ética.
- Xustificación dos valores éticos.
- Debate entre os sofistas e Sócrates sobre o carácter relativo ou universal das normas éticas.
- Relación entre a ética e a política.
- Relación entre a idea do universalismo ético e a declaración universal dos dereitos humanos .Estudo dos códigos políticos (Estatuto de Autonomía, Constitución e Declaración do DDHH) e a súa fundamentación ética.

- Investigación xornalística sobre o grao de incumprimento de dereitos expresados nos códigos.
- Elaboración dun libro que sirva de denuncia deste incumprimento.
- Posterior reclamación do seu cumprimento no Parlamento de Galicia ante deputados dos 4 grupos parlamentarios.

### **C. BREVE DESCRICIÓN DO PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA.**

O proceso de deseño parte, como xa dixemos, da idea de que todo alumnado, con independencia da súa idade, e respectando os seus diversos ritmos, pode achegarse a case calquera coñecemento. Desde esta perspectiva valorouse a idea de que o coñecemento adquirido polo alumnado de secundaria podería ser de utilidade para outras etapas educativas. Deste xeito o feito de que fosen non só receptores de coñecemento senón transmisores do mesmo, podería, como así foi, exercer de potente vehículo motivador.

Decidiuse que unha boa canle comunicativa entre os tres centros podería ser un blogue pois xa tiñamos experiencias da súa funcionalidade ao telo empregado en proxectos semellantes. A creación do blogue serviría para mellorar o coñecemento desta ferramenta educativa no noso alumnado. Decidido o carácter xeral do proceso pensouse que debiamos comezar por un proxecto colaborativo no que o alumnado de secundaria crease unha programación dos obxectivos e procedementos a utilizar. O resultado foi a elaboración dunha presentación que orientase o noso camiño durante este curso e ordenar os obxectivos do proceso sen perder de vista os obxectivos marcados.

Xa co obxectivo definido comezamos dous camiños: o primeiro foi o achegamento ao coñecemento da ética a partir de artigos das enciclopedias da biblioteca e de webs específicas sobre esta temática. Buscábamos conceptos e logo tratábamos de trasladalos ao ámbito máis próximo ao alumnado para unha aprendizaxe máis significativa. Un exemplo foi pedirles que trouxeran algún obxecto valioso para eles e debater sobre o que o facía valioso e así pasar a coñecer o termo usado na ética. O segundo foi o comezo na produción de guións para logo gravar os vídeos que funcionarían como retos ou misterios que os tres centros tiñamos que resolver. E posteriormente gravar vídeos ou elaborar presentacións que servisen como resposta a eses retos e enriquecesen o traballo de [tod@s](#).

Decidimos que o proxecto tiña que constar de misterios motivadores para o alumnado de infantil e primaria que denominariamos retos nos que lle demandabamos axudas para solucionar as nosas dúbidas. Desde ese momento o alumnado de infantil e primaria comezaba unha intensa tarefa de investigación e deseño de material para un posterior uso que aínda non tiñamos definido. Despois da incesante tarefa investigadora na biblioteca pendurase as respostas ao reto por parte de cada centro e a partir de aí propuñase o seguinte reto.

Unha gran potencialidade do proxecto foi a confrontación das tres respostas resultantes de cada reto, onde a coincidencia de resposta era a avaliación máis fiable do traballo ben realizado, e as diferentes perspectivas recollidas, unha potentísima ferramenta de aprendizaxe e ampliación dos coñecementos adquiridos ata ese momento no esforzo da elaboración da resposta propia.

Entre retos íamos facéndonos agasallos de carácter emocional como cancións, vídeos visionando os seus traballos, debuxos animados...

#### **D. DOCUMENTACIÓN ELABORADA PARA PROFESORADO E ALUMNADO.**

PROFESORADO:

- Presentación dos obxectivos e definición do proxecto
- Guión de traballo para dinamizar o proxecto no segundo trimestre
- Audios e e-mails explicativos para adaptación dos contidos e obxectivos a primaria e infantil.

ALUMNADO:

- A documentación para o alumnado eran as enciclopedias, webs e libros que íamos empregando na biblioteca a partir dos retos propostos e que se expoñen na bibliografía.
- Neste proxecto os vídeos que conteñen os retos funcionaban como documentación organizativa do traballo xa que aí detallabamos os pasos a seguir e os obxectivos a conseguir. Desde aí a documentación ía aparecendo na biblioteca por descubrimento no proceso de investigación.

FAMILIAS

- Presentación do traballo levado a cabo. [Enlace aquí](#)

#### **E. RELACIÓN DAS TAREFAS MÁIS IMPORTANTES REALIZADAS AO LONGO DO PROXECTO POLO ALUMNADO.**

**CON CARÁCTER XERAL:**

- Tarefas de investigación e documentación.
- Elaboración de vídeos de resposta aos distintos retos.
- Elaboración de presentacións tamén de resposta a algún dos retos.
- Elaboración de liñas do tempo nas que situamos hitos históricos traballados nos retos.





- Textos e debuxos realizados polo alumnado para a súa integración no libro “Temos dereito”.

## PRESENTACIÓN

O primeiro paso foi visionar o video do alumnado da ESO no que nos propoñían traballar con elas. Despois dun debate onde cada neno e nena debía argumentar a súa opinión acordouse que íamos participar.

Xurdiu no grupo a necesidade de presentarse ás novas compañeiras polo que decidiron realizar un video no que se pode ver como sae a relucir a parte emotiva de ter traballado con alumnado de esos grupos no ano anterior noutro proxecto. [Presentación vídeo](#)

### RETO 1: Que é valioso para nós? Que son os valores éticos?

Neste reto solicitábase unha definición da palabra valioso. Preguntados sobre onde podíamos atopar esa información refiren a necesidade de buscar na rede. Unha vez localizada analizamos a definición e acudimos a Biblioteca a comparar esa definición coas definicións dos dicionarios que alí atopamos e comprobamos que a información coincidía. Posteriormente solicitábasenos ampliar esta definición a “valores éticos”. Seguindo o mesmo procedemento poideron concluír que os valores nos permiten convivir xuntos. Pódense ver as conclusións na seguinte entrada do blog: [valores](#)

Ao mesmo tempo pediuselles ao alumnado que trouxera de casa “o máis valioso que tivera” para ensinalo ás compañeiras e compañeiros do proxecto. Os obxectos aportados foron expostos na clase.

Para responder ás compañeiras decidimos facer un vídeo no que cada nena e neno tiña que explicar cal era o seu obxecto valioso e o motivo da súa valía. A preparación deste video obrigou ao alumnado a ter que preparar a súa intervención con estas dúas premisas facendose necesario que organizaran e estruturaran a información que tiñan que compartir.

Foi sorprendente comprobar a carga emocional que acompañaban a eses obxectos: un trompo regalado por un avó e o tempo que este lle dedicou ao seu neto para que aprendera a lanzalo, a foto dunha cadela, un biberón dunha irmá pequena que simbolizaba o amor, o olor dunha colonia que recorda uns avós...

## RETO 2: Hai uns valores mellores que outros? Debate entre o universalismo ético e o relativismo ético. Sócrates, de que morreu? Cando foi o primeiro debate?

Unha vez escoitado o reto e extraídas as preguntas ás que tiñamos que dar resposta foinos fácil realizar un listado de valores que o alumnado clasificou en bos e malos e que fomos recollendo na pizarra.



Investigamos sobre a vida de Sócrates para dar resposta a parte deste reto. Visitamos a Biblioteca buscando libros de Filosofía e aprendimos como os libros de consulta están situados nun lugar apartado dos libros de narrativa. Reflexionamos sobre como lemos estes libros de forma diferente a como lemos os contos. Descubrimos a existencia do índice e a súa utilidade para buscar a información que necesitamos.

Unha vez recollida e seleccionada a información sobre a súa vida decidimos debuxar a Sócrates en base as imaxes que vimos del nos diferentes libros. Con toda esta información decidimos elaborar o [vídeo resposta](#)

Tamén tiñamos enriba da mesa a proposta das compañeiras de dar a nosa opinión sobre algúns temas. A primeira tarefa neste sentido foi visionar algúns vídeos de debates e observar como se actúa. As observacións do alumnado foron determinantes para acordar as nosas propias normas para debater na aula, que finalmente quedaron en tres:

1. Pedir a palabra
2. Se quero falar é para aportar algo do tema que estamos debatindo
3. Respetar a quenda de palabra das compañeiras/os

Os temas propostos para os debates foron os que o alumnado da ESO propuxo no seu vídeo e que lles chamaron a atención. Neste enlace [debate sobre a pena de morte e o touro de La Vega](#). Estes debates fixéronos reflexionar sobre como os valores varían atendendo a aspectos culturais, xeográficos, relixiosos... reflexión squ enos permitiron asomarnos ao universalismo e o relativismo ético.



## RETO 3. Relación entre ética e política. Códigos políticos: Declaración do Dereitos Humanos, Constitución, Estatuto de autonomía. Por que foi preciso crealos?

Para chegar a establecer a relación recordamos do aprendido no reto anterior como os valores pertencen ao ámbito individual. Cando convivimos en grupo temos que dotarnos dunhas normas novas como temos na clase e cando falamos do cole aprendimos que esa normas chámanse NOF. Para coñecer o seu contido e ámbito de aplicación convidamos ao directo do centro a quen nos explicara estas cuestións. Posteriormente fixemos o mesmo paralelismo partido dos valores ao Estatuto de Autonomía e de este á Constitución.

Preguntado sobre por que creían que no seu momento foi necesario dotarse da Constitución e enseguida xurdiu na clase a palabra GUERRA. Foi entón cando investigamos que guerra foi e pedímoslles ás familias que nos enviaran información que recollimos nesta entrada: [Como se vivía na época de Franco?](#)



### **PRODUTO FINAL: Libro “Temos dereito” e Visita ao parlamento para a súa entrega e reclamación do cumprimento dos dereitos traballados**

Dereito á vivenda, dereito ao traballo e dereito ao asilo. Cúmprense? Dende Muros propoñénnos facer unha análise do cumprimento destes tres dereitos. Comezamos a buscar en internet e atopamos múltiples novas sobre deshaucios e refuxiados que calan moi fondo en nós. Gardamos esas novas e plasmamos os nosos sentimentos e pensamentos en distintas frases e debuxos que formarán parte dun libro colaborativo que elaboraremos entre tod@s.

Posteriormente, coa colaboración de [tod@s](#), elaboramos un libro denuncia que levaremos ao parlamento. A aportación da nosa clase ao libro tradúcese na búsqueda de novas que ilustran o non cumprimento dos dereitos, e a creación de escritos e debuxos que representan as nosas reflexións e reclamacións.

Finalmente viaxamos [xunt@s](#) ao parlamento, para presentarlle o noso traballo, entregar o libro e reclamar accións para o cumprimento deses dereitos a deputados representantes dos grupos parlamentarios



## **Enlaces entradas no blogue:**

<http://valoreseticosfontexeria.blogspot.com.es/2017/06/broche-final-do-proxecto-libro-temos.html>

<http://valoreseticosfontexeria.blogspot.com.es/2017/06/temos-dereito-as-nosas-vozes.html>

## **F. RECURSOS UTILIZADOS ASÍ COMO UNHA ENUMERACIÓN DETALLADA DAS PRINCIPAIS FONTES CONSULTADAS PARA A INVESTIGACIÓN.**

### **RECURSOS:**

Blogue, ferramentas de Google: correo electrónico, drive... móbiles: ferramentas de comunicación, cámara fotográfica, vídeos, gravador de son... pantallas dixitais, plataforma isso, wetransfer, editores de vídeos: Movie Maker e iMovie, libre Office.

### **FONTES:**

Empregamos varios libros de valores presentes na biblioteca, o propio NOF do centro, tamén o Estatuto de Autonomía e a Constitución Española. A declaración de dereitos humanos visionouse online. Ademais empregáronse fontes varias na rede para a investigación de distintos aspectos.

## **G. IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA, NO SEU CASO.**

Ao ser un proxecto que implica o emprego da proxección pública dos traballos do alumnado e da imaxe do propio alumnado resulta imprescindible a implicación das familias desde o primeiro momento. Esta implicación faise notar nun coñecemento do proxecto que é a maior se o comparamos con outras actividades do centro. Notamos a implicación no visionado dos vídeos pendurados no blogue.

Cabe unha mención especial á implicación das familias de infantil e primaria na colaboración coa información recollida polas nenas e nenos sobre a Guerra Civil española. A información recollida polo alumnado, como se dun traballo de campo se tratara, emociona especialmente. Pode ser visionado no blogue.

Por outra banda é destacable o apoio das dirección dos centros a este proxecto. Temos que ter en conta que sendo un proxecto que implicando imaxe pública do alumnado, saídas extraescolares ou custo económico, é imprescindible que o equipo directivo apoie en todo momento este tipo de proxectos como así sucedeu.

## **H. DIFUSIÓN DOS TRABALLOS ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA.**

O traballo ten unha difusión propia que é o blogue no que se pendura todo o realizado. Enlázase este blogue nas webs dos centros educativos para o coñecemento de toda a comunidade. Explícase o proxecto nas reunións coas familias na xuntanza de finalización do primeiro trimestre e se vai informando do progreso do proxecto nas seguintes xuntanzas e cando se pide a súa colaboración. Infórmase ao Equipo directivo da saída.

Envíase comunicación por escrito ás familias cando se solicita autorización para a saída ao Parlamento.

## **I. AVALIACIÓN REALIZADA EN RELACIÓN COA CONTRIBUCIÓN ÁS COMPETENCIAS CLAVE DO CURRÍCULO. PROCEDIMENTOS EMPREGADOS.**

Para a elaboración deste apartado faremos unha breve descrición dos retos relacionándoos logo coas competencias clave traballadas e cos criterios de avaliación.

**APRENDER A APRENDER:** A competencia de aprender a aprender debería desembocar nunha aprendizaxe máis eficaz e autónoma. Esta competencia foi transversal a todos os retos e tarefas na medida en que todos eran resoltos empregando o debate previo despois de escoitar a proposta enviada a través do vídeo. No debate o alumnado recoñécese como posuidor de coñecementos o que mellora a súa autoestima e o motiva e prepara para a pescuda de información que adoitaba ser o seguinte paso. Deste xeito o alumnado aumentará a autonomía para aprender por si mesmo e a eficacia para aprender.

**COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA:** Esta competencia clave inclúe a dimensión pragmático-discursiva da linguaxe: o alumnado recibe e produce mensaxes en contextos distintos, interaciona mediante a linguaxe en distintos contextos e achégase a distintos xéneros discursivos. Realizáronse lecturas de textos, traballouse a linguaxe teatral e a comunicación non verbal para os vídeos, realizáronse mapas conceptuais, fíxemos hermenéutica para interpretar os valores éticos subxacentes aos códigos políticos. Traballouse a capacidade argumentativa para ver de convencer ao adversario dialéctico.

**COMPETENCIA DIXITAL:** Competencia que supón o coñecemento das principais aplicacións informáticas. Acceso ás fontes e o procesamento da información; igualmente precisa do desenvolvemento de diversas destrezas relacionadas co acceso á información, o procesamento e uso para a comunicación, a creación de contidos... O alumnado aprende desde o emprego das ferramentas de Google (ás veces non se coñecen ou non se ten competencia para usalas), a creación dun Blogue, o emprego didáctico do canal de Youtube e toma conciencia do beneficios académicos e profesionais dun bo uso da tecnoloxía... Sorprende ás veces a fenda que pode existir entre o alumnado debido ás situacións sociofamiliares, observándose nas dificultades para realizar unha simple presentación.

**COMPETENCIA SOCIAL E CÍVICA:** Un proxecto de filosofía que aborde o campo da ética e a política debe destacar o fomento desta competencia como prioritaria. Competencia que implica coñecementos que permitan comprender e analizar criticamente os códigos de conduta. Ademais debe basearse no coñecemento crítico dos conceptos de democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e dereitos humanos e civís, e a relación destes conceptos coa Constitución española, co Estatuto de Autonomía e a Declaración universal dos Dereitos Humanos e da súa aplicación por parte de diversas institucións. Tamén debe recoller a importancia dunha cidadanía construtiva que participe na toma de decisións.

O exemplo máis importante do fomento desta competencia foron os traballos realizados despois de analizar os códigos políticos mencionados. A tarefa de investigación e a posterior elaboración dun libro de denuncia pola non realización efectiva dos dereitos incluídos na Constitución e Estatuto colabora na idea de facer unha cidadanía construtiva e crítica que pense de xeito autónomo. Ao anterior hai que engadir a visita ao Parlamento de Galicia para entregar aos parlamentarios o libro demandado, como cidadanía crítica, a necesidade de mudar de política nos asuntos que denuncia o noso traballo.

## **PROCEDEMENTOS**

Os procedementos levados a cabo para a avaliación do proxecto foron a observación de todos os procesos levados a cabo e a recollida de evidencias e observacións.

Ademais, a confrontación de cada grupo coas respostas d@s outr@s compañeir@s, e partindo da andamiaxe creada a partir do traballo propio na resolución do reto, serviu como a mellor das autoavaliacións posibles, permitindo reflexións que xogaron a favor da fixación das aprendizaxes feitas.

## **J. FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR EN TODO O PROCESO.**

A biblioteca foi o espazo fundamental para a realización do traballo desenvolvendo neste lugar a maior parte da nosa investigación. Consideramos que a biblioteca, na medida en que contén fontes de información escollidas cos criterios de calidade, é o lugar para proxectos deste tipo. O uso deste espazo permite ao alumnado navegar entre libros que seguen a ser unha fonte de información excelente e rigorosa.

O alumnado aprende a facer búsquedas dentro da biblioteca e dentro das fontes seleccionadas. Esta aprendizaxe aplicarase nas pescudas que posteriormente fan na rede, mais xa son feitas con outros criterios de calidade e ademais con coñecementos previos que lles permiten escoller fontes fiables.

Inmacula Cortón Tesouro  
Titora aula 5º EI B  
Ceip Felipe de Castro. Noia